

---

HOMENAXE A XAIME ISLA COUTO\*

---

X. L. Méndez Ferrín

---

Excmo. Sr. Presidente da Xunta de Galicia, dignísimas autoridades e representacións.

Antes de cousa ningunha, beizón á Xunta de Galicia por exercer o papel de instancia convocadora deste acto cívico en homenaxe a Xaime Isla Couto con ocasión do seu pasamento. Tan querido como respectado home de ben e valioso representante do pensamento, do mecenádego, da ciencia económica e da militancia patriótica era membro numerario da RAG e cábeme a satisfacción de agradecerlles aos congregados a súa presenza aquí e agora no nome da corporación que me honro en presidir.

---

\* Texto lido na Homenaxe a Xaime Isla Couto, que se celebrou o 5 de xullo de 2012 na Biblioteca da Cidade da Cultura de Galicia, en Santiago de Compostela.

Xaime Isla (Illa, no interior da «irmandade») Couto fai parte da xeración que participou na guerra civil, aínda que non sempre estiveran os seus membros no bando que o corazón, a vontade e a razón lle pedían. Xaime e outros coma el, terminado o terrible conflito, non se consideraron aniquilados nin disoltos. Era tan forte o poder da súa arela, do seu desexo, do seu amor, que decidiron, Xaime entre os primeiros, reconstruír na medida do posíbel o espírito e a práctica do patriotismo galego nas circunstancias máis contrarias da posguerra civil. Eles, esa xeración, soubo facelo, e a reconstrución executouse de modos diferentes e consonte a figuras políticas disímiles.

O Xaime que eu coñecín en 1955 ou 1956 proviña das Mocedades Galeguistas dos días da República, coma Ramón Piñeiro, Ramón de Valenzuela, Xosé Velo, Pousa Antelo ou Celso Emilio Ferreiro e outros (Del Riego chegou a membro do P.G.). Entre si tiñan cousas en común e zonas de nidia discrepancia. Coincidían no amor a Galicia, no rexeitamento do fascismo, no desexo de liberdade. Nas Mocedades Galeguistas, ou FMNG, da República, Illa tivera unha actuación asemblearia que resultou memorábel: propuxo, sen éxito, a transformación da organización xuvenil nun partido de acción: ONDA, Orde Nazionalista de Avanzada ou Avanguardia. Apuntaba moi alto, o xove Illa. Xove Illa que, naqueles días iniciais, ía inspirado, que non guiado, polo exemplo do seu irmao, o veterano nacionalista Ramiro, que coído que foi o primeiro Isla en ser Illa.

Fecho os ollos e sobrevenme un balbordo de lembranzas mesturadas, semellantes en todo ao troupeleo dos cascos das bestas que camiñan ao curro e elevan ao ceo unha nube de po que nos confonde. Vexo Xaime nos anos cincuenta, comedor da casa de García-Sabell, sesión plenaria do grupo galeguista que dirixía Ramón Piñeiro e que, no intre, estaba a presidir Otero Pedrayo. Fala Illa Couto. Está emocionado. Comunícanos a uns convidados de poucos anos que a editorial Galaxia crea, naquel acto, unha colección especialmente dedicada a publicar manuscritos dos noveis, dos escritores en galego que coma nós eran mozos daquela. Estaba decidido que o primeiro libro sería *Do Sulco*, de Xohana Torres. Súbóbase, e non da súa boca, que Xaime Illa se facía cargo persoalmente dos gastos da nova colección. En homenaxe a el, a colección recibiu o nome de *Illa Nova*. E logo, a poeira das lembranzas e da saudade faise mesta e confúndenseme ceas con Del Riego e outros en Patouro de Navia/Vigo, conversas interminábeis *vis-à-vis*, de pé no medio e medio de Príncipe con Illa Couto. Se cadra o xantar anual de Galaxia ao que este que lles fala podía acudir aos postres. En todo caso, a miña lembranza de Illa Couto é a dun suxeito pensante sumamente activo, sumamente falador, entusiasta esperanzado en grao tamén sumo.

Ao longo dos anos cincuenta e entrando nos sesenta, este que lles dirixe a palabra cre lembrar que o discurso de Illa Couto, partindo da crenza común do seu grupo na solución europeísta para a nosa cruel dependencia, descobre nas ideas de Perroux e doutros sobre o desenvolvemento rexional mediante polos inducidos desde o poder estatal, unha aplicación salvífica para Galicia. Sempre, Illa Couto, pensador social, económico e galeguista, moveu o seu grande corazón nunha dimensión cristiá, que el non acababa de definir abertamente como democratacristiá. Se cadra, como no caso de Giorgio La Pira e outros anómalos italianos, polo fondo sentido social da súa máis íntima patencia e por aquelas razóns do corazón que o corazón non coñece.

Sendo como era Illa Couto suxeito de vocación económica, e mesmo catedrático da materia, alén de avogado da Caixa de Aforros de Vigo, e, por parte, unha peza fundamental

no proxecto político-cultural que tiña como frontispicio a editorial Galaxia, podía pensarse que el fose apenas un home de números prácticos asociado, por política, á cultura literaria e filosófica. Non. Igual ca Peña Novo, ca Porteiro Garea, ca Noguerol Buxán, ca Paz Andrade, e aínda achándose por diversas razóns lonxe de varios deles, Xaime Illa Couto viviu con intensidade a cultura humanística galega. Artista plástico el mesmo, a Illa Couto débese (é unha suposición) o mantemento de Xohán Ledo como deseñador de Galaxia durante toda a vida. Admirábel lector, eu vou relatar agora un feito que o demostra.

Achegouse a min Illa. Meteume entre as mans, indignado, o orixinal mecanoscrito dunha novela. Era *A Esmorga*, de Blanco Amor. Acababa de ser remitida a Galaxia por Ben Cho Shey, procedente da censura. O lapis vermello tachara, cruzara en aspas, fixera cachi-zas da novela e coído que, ao final, emitira un xuízo global condenatorio, Illa Couto laiouse da censura franquista acedamente. Logo dixó algo así: «É unha mágoa o ocorrido, porque *A Esmorga* ía resultar unha aportación narrativa tan considerábel coma as de Cunqueiro e Fole». Felizmente, *A Esmorga* viu a luz en Bos Aires e ningún de vostedes ignora a importancia desta novela nas nosas letras.

Volvamos agora ao feito de que Illa Couto era economista. A súa biblioteca de ciencia económica é notábel. A súa participación na posta en funcionamento da *Revista de Economía de Galicia* non é un dos menores méritos do noso relembrado Illa Couto. *Revista de Economía* que Xosé Manuel Beiras confeccionou como editor nunha xeira memorábel que está á espera da análise histórica competente.

Tratei Illa Couto en intres moi recuados da miña vida e da del, infelizmente xa interrompida. Outros poderán falar con maior fondura e coñecemento da súa persoa e da súa obra. Desa obra que, escrita, non foi extensa. Si foi grande a obra colectiva que Illa Couto inspirou e promoveu incansabelmente. De xeito non só moral, senón tamén monetario e crematístico. Segundo me din os seus próximos, nos que acredito e que me merecen fiúza, Illa foi un protector permanente que puxo durante anos o seu peculio persoal ao servizo de empresas transpersoais patrióticas. Ou sexa, que el foi bo e xeneroso en sentido estrito e literal. Unha persoa fundamental na reconstrución da nosa identidade e da nosa dignidade nós longos anos do réxime fascista.

# A TRABE DE OURO

PUBLICACIÓN GALEGA DE PENSAMENTO CRÍTICO



TOMO III./ ANO XXIII./ 2012

Xullo • Agosto • Setembro

---

¿PATRIMONIO INMATERIAL PARA QUE?

Marcial Gondar Portasany

---

A OCCIDENTALIZACIÓN DO CANTAR

TROBADORESCO (I PARTE)

Xosé Ramón Pena

---

FRANCISCO MIRÁS.

NOTAS BIOGRÁFICAS E APUNTAMENTOS

SOBRE O *COMPENDIO* E O SEU TEMPO

Xorxe Martínez Jiménez

---

UNHA LUZ QUE ILUMINA UN PAÍS

María Dolores Villanueva Gesteira

---

OS BIBLIOTECARIOS DA REPÚBLICA EN 1939

Francisco Xavier Redondo Abal

---

O PRIMEIRO AQUILINO IGLESIA ALVARÍÑO

Armando Requeixo

---

*ENSINAR MATEMÁTICAS* E OUTROS POEMAS

Pearse Hutchinson

---

A FORZA QUE VÉN DE LONXE

Francisco Fernández Rei

---

HOMENAXE A XAIME ISLA COUTO

X. L. Méndez Ferrín

---

A ROBERTO VIDAL BOLAÑO

NADA DO HUMANO LLE FOI ALLEO

Antón Dobao

---